

**COMUNICADO DA PLATAFORMA ARTES DO MOVEMENTO (PAM) DE
DESVINCULACIÓN COMO PARTE DO PLAN INTEGRAL DA DANZA (PID)
PROMOVIDO POLA AGADIC.**

29.04.2023

A PAM Plataforma Artes do Movemento (colectivo que aglutina a 35 profesionais e 26 compañías e proxectos da Danza de Galicia) anuncia a súa **desvinculación do PID Plan Integral para a Danza de Galicia** publicado o pasado 31 de marzo de 2023 pola AGADIC, **por considerar que non cumpre unhas condicións mínimas para o verdadeiro apoio e impulso da danza en Galicia, e comina á administración a tomar medidas reais e efectivas.**

O proceso de construción do PID Plan Integral para a Danza de Galicia arrincou en febreiro de 2020 co anuncio por parte da AGADIC do inicio dun proceso de 'participación' para "dar resposta ás necesidades deste sector en Galicia". Este anuncio chegou tras un longo periodo de reivindicacións e presións por parte de profesionais, entidades e colectivos da danza en Galicia, que viñan **reclamando á Agadic a posta en marcha de políticas, medidas e un compromiso real -dotado de orzamento e recursos humanos e materiais- para o apoio á danza.** Ao longo dos tres anos de traballo, durante os cales se celebraron sucesivas reunións e mesas de traballo para a definición deste Plan, a PAM achegou múltiples propostas concretas e reivindicou en todo momento que a administración garantizase unhas condicións mínimas para a execución dun plan estratéxico, en termos de dotación orzamentaria e de recursos humanos e materiais.

Sen embargo, **estas condicións mínimas continúan sen ser observadas:** o documento do PID foi publicado, ademais de con moita demora (tres anos dende o inicio do proceso), sen marco orzamentario, asignación de recursos concretos, nin compromisos de prazos de execución das medidas alí dispostas. Ademais, a PAM considera que as liñas estratéxicas e medidas redactadas no Plan continúan sendo formulacións xenéricas, no que considera un documento insuficiente e vago, e **reclama a necesidade da creación de programas concretos de acción debidamente**

temporalizados e cun destino orzamentario, cunhas metas e uns debidos prazos para a súa garantía e cumprimento. Estas preocupacións foron formuladas á AGADIC (e demais partes integrantes no proceso do PID) en sucesivas ocasións e previo á publicación do documento, solicitando a súa inclusión. Sen embargo, a administración decidiu seguir adiante co anuncio do PID e constituir unha comisión de seguimento do Plan na que quedaba fóra a PAM.

Ao mesmo tempo, a Plataforma de Artes do Movemento quere insistir na denuncia que vén realizando de maneira sucesiva ao longo destes anos **, en relación ao **descenso progresivo do exíguo orzamento do Centro Coreográfico Galego nos Orzamentos Xerais da Xunta**, que descendeu dende os 150.000€ no ano 2021 aos 120.000€ no ano 2022 e aos 100.000€ no ano 2023. Dende a PAM, denúnciase que durante o proceso do PID este orzamento fose en descenso, nun incomprendible detrimento do apoio á danza, e que non se teñan tomado medidas de apoio e mellora. As axudas á creación artística están estancadas dende 2020 e as coproducións do CCG están estancadas dende 2019 en valores que a PAM considera de todo insuficientes. Ademais, desapareceron no ano 2022 as axudas á reactivación do sector escénico (entre outros programas), e non se abriu programa ou acción algunha específica para a danza ao abeiro dos 9,6 millóns de fondos europeos Next Generation.

Ante esta situación, **a PAM anuncia a súa saída como parte do Plan Integral da Danza**, mentres non se cumpran unhas condicións mínimas e haxa un compromiso firme, concreto e público por parte da AGADIC que garantice a consecución dun plan estratéxico. **E comina á administración ao cumprimento das seguintes condicións mínimas:**

- 1) Dotar ao PID e ás políticas de apoio á danza dun horizonte orzamentario claro, transparente e público, cun marco de execución por anualidades e desagregado nas súas liñas de acción.
- 2) A recuperación do orzamento do CCG de cara aos Orzamentos Xerais 2024, ata recuperar valores mínimos (que entendemos deberan situarse polo menos na cifra do ano 2010 e aumentando consecutivamente en anualidades posteriores) así como o compromiso de responder a un plan de actividade anual que sexa público e conte con recursos humanos e materiais suficientes para a súa execución.

3) O recoñecemento da PAM como representante fundamental do sector profesional da danza e as artes do movemento, chamado a ter voz efectiva nas actuacións que afectan a este colectivo.

** Link á web da PAM:

<https://www.pamgaliza.org/>

** Histórico de comunicados:

- *Comunicado da PAM de rexeitamento do Decreto polo que se modifica o Estatuto da AGADIC 21/4/21,*
- *Comunicado da PAM de denuncia ante a redución orzamentaria do CCG no ano 2022 9/1/22,*
- *Comunicado da PAM de desvinculación ao Avance do PID presentado pola Agadic e de denuncia ante a redución orzamentaria do CCG para 2023 de data 24/11/22*